

O SERGAS ven de remitirnos esta mensaxe, na que indican que as persoas que solicitaron formación nas áreas especiais de enfermaría figuran por erro como admitidas nas listas correspondentes. A semana que ven publicarán unha corrección de erros no DOG e xerarán novas listas abrindo un novo prazo de reclamacións.

*As listas de admitidos en áreas especiais de enfermaría e de enfermaría do 061 inclúen as persoas que solicitaron formación. Así tamén aquelas que solicitaron área especial pero non aportaron xustificante (aparece marcado o check de área especial pero non aparece marcado o check de xustifica formación ou experiencia cando debera aparecer marcado), polo que procede facer a corrección oportuna.*

*As persoas que solicitaron formación, se lles informará que a admisión é unicamente a eses efectos.*

*As persoas que non aportaron xustificante, poderán enmendalo no prazo de reclamación, indicando a súa situación de documentación incompleta.*

*Por ese motivo, nos próximos días se realizará a corrección de erros no DOG que virá acompañada da nova xeración de listas destas dúas categorías, reiniciando de novo o cómputo de prazo de reclamación.*